

AFORRO PARA PERSOAS CON POUCOS INGRESOS

Aforrar pode parecer difícil cando se gaña pouco diñeiro, pero, de seguires uns sinxelos pasos, poderás conseguilo.

A continuación, explicámosche algunhas técnicas doadas para aforrar.

1. A regra do 10 %

Esta técnica éche moi doada de entender e de practicar.

Só tes que facer o seguinte:
cada mes, cando cobres a túa nómina,
separa o 10 % para aforrar.

Se non podes chegar ao 10 %, aforra a cantidade que poidas, aínda que sexa pequena.

Exemplo:

Se gañas 700 € por mes, o 10 % son 70 €.
Podes separar eses 70 € a principio do mes e gardalos nunha conta de aforro.

Se non podes aforrar esa cantidade, podes gardar 40 € ou, mesmo, 20 €.
Sempre a cantidade que che vaia ben.

O importante é empezar e facelo todos os meses.

2. Aforro automático

A través da aplicación do teu banco,
podes dar a orde de que, un día concreto,
envíe diñeiro dunha conta á outra.

Podes facelo cada semana ou unha vez por mes.

Só tes que escoller un día,
a cantidade de diñeiro que queiras aforrar
e dar a orde de traspaso á túa conta de aforro.

Pódelo cancelar cando queiras.

Vantaxes:

- Nunca te esquecerás de facelo,
porque se fará de maneira automática.
- Non caerás na tentación de gastar ese diñeiro
en cousas que non precisas.

3. Aforro por obxectivos

Esta técnica utilízase cando tes unha meta clara, é dicir, cando precisas aforrar unha cantidade de diñeiro nun determinado tempo.

Por exemplo, se queres comprar un coche, facer unha viaxe ou reformar a túa casa.

Sabes canto diñeiro precisas e canto tempo tes para aforralo.

Para conseguilo, podes aforrar unha cantidade fixa cada semana ou unha vez por mes.

Ademais, ver como te achegas ao teu obxectivo motívate a seguir aforrando.

Exemplo:

Tes que pagar unha viaxe que che custa 1.800 € e tes 12 meses para aforralos.

Daquela, terás que aforrar 150 € cada mes.

4. Redondeo de gastos

Esta práctica é moi útil e axudarache a aforrar diñeiro sen que te decates.

Hai aplicacións que che axudan a aforrar diñeiro. Cada vez que fas unha compra, a aplicación redondea o prezo e garda a diferenza nunha conta de aforro de maneira automática.

Exemplo:

Se compras algo que custa 3,50 €, a aplicación redondea a 4 €.

Os 0,50 € de diferenza gárdanse directamente na túa conta de aforro.

Así vas acumulando as pequenas cantidades de todos os teus pagamentos e gastos.

5. Revisa e reduce gastos pequenos

Cómpre saberes cales son os teus gastos diarios e decidires cales son necesarios e cales non.

Exemplo:

Cantos cafés tomas por día?

Cómpre tomares 3 cafés?

Poderías tomar só 1?

Precisas comprar o almuerzo cada día?

Poderías levalo da casa?

Cando saibas que gastos non precisas, evítaos e garda ese diñeiro na túa conta de aforro.

Aos poucos, poderás aforrar moito.

6. Aforro de oportunidade

Ás veces recibes un ingreso que non esperabas, como un agasallo, o pagamento por horas extras ou un traballo temporal.

Cando recibas ese diñeiro, gárdao decontado na túa conta de aforro.

Así poderás aforrar sen quitar diñeiro do teu orzamento habitual.



Lembra:

Non importa canto diñeiro aforres.
O importante é seres constante e gardares todos os meses unha cantidade na túa conta de aforro.